

CULTURA



Préstamo na biblioteca Salvador de Madariaga da Coruña

ESPAÑA NON APROVEITARÁ A SÚA PRESIDENCIA NA UE PARA MODIFICAR A LEI DO LIBRO, COMO PRETENDÍA O BNG

Os nacionalistas fracasan contra o canon no préstamo bibliotecario

Os escritores e os editores galegos prefiren unha tasa distributiva e aumentar a dotación orzamentaria

VÍCTOR PAZ MORANDEIRA

GALICIA
victor.paz@xornaldegalicia.com

Segundo a Lei de Lectura, do Libro e das Bibliotecas aprobada pola UE en 2007, todos os fondos bibliotecarios que vaian ser comprados para préstamo terán que pagar un canon, variable en cada país da unión. O BNG, en contra desta medida, presentou unha moción para suprimilo á que se opuxeron tanto o PSOE como o PP no Congreso, polo que quedou de sestimada.

O parlamentario nacionalista Xosé Manuel Pérez Bouza alegou na súa intervención que tal canon "non favorece aos autores", como proba, ao seu parecer, que "máis de 400 escritores asinaron en contra da normativa". E citou algúns como Sarriena ou José Luis Sampedro.

Sinalou ademais que "nun contexto de crise económica no que xa se

reducio o orzamento de adquisicións dalgunhas bibliotecas, é inadmisíbel cargarlas dun novo gasto".

Así opinan Víctor Freixanes e Manuel Bragado, directores das máis importantes editoriais galegas -Galaxia e Xerais, respectivamente-, pero as mesmas razóns non pareceron convencer no Parlamento. A portavoz de cultura do PSOE na comisión argumentou: "Non podemos saltarnos a normativa europea". E con verbas parecidas concluíron o asunto os representantes do PP.

COMPENSACIÓN. NON COBRO

Outra das queixas do BNG era que a recadación vaia parar a un organismo privado, o Centro Español de Derechos Reprográficos. Porén, esta é unha organización sen ánimo de lucro que se dedica a repartir os beneficios entre os seus socios, autores e editores. Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, matiza que non se trata dun cobro, senón dunha "compensación por libros fotocopiados e prestados, ou para equilibrar as perdas en gasto tecnolóxico dos editores, non por dereitos de

autor". E deixa ben claro que "aínda que se pareza a outras xestoras, non é igual", pretendendo desvincular claramente a súa función da da SGAE sen dar nomes.

Tamén apunta detalles interesantes sobre a orixe do canon: "Isto naceu nos países nórdicos como un apoio á creación", di, pero non parece que aquí sexa moi popular. "O que hai que facer é dotar as bibliotecas de material humano e condicións lectoras", opina Freixanes, que está en desacordo con cargar con máis gastos uns servizos "que xa de por si teñen orzamentos baixos".

A solución semella difícil, pois como di Bragado resignado, "non hai posibilidades de elixir", aínda que é el quen dá a alternativa máis plausible: "O canon de 0,20 euros por libro que temos aquí é de carácter lineal, non distributivo, como noutros países, onde un libro é taxado cada vez que se presta". Esta medida é, segundo el, un sistema máis xusto para os autores populares, aínda que antes deberase crear un hábito lector, pois como el indica, "estamos moi por debaixo dos estándares da Unesco". ■

REACCIÓNS



VÍCTOR FREIXANES (GALAXIA)

"As bibliotecas precisan de material humano e condicións lectoras"



CESÁREO SÁNCHEZ (AELG)

"O canon responde a unha compensación por libros prestados"